



Concello de Outes

RANKING DE TENIS

OUTES 2020/21

Bases do ranking

- ◆ Teléfonos de información: 606884536 (Rubén)/ 620724285 (Lorena)
- ◆ Hai follas de inscrición na páxina web do Concello de Outes (inscrición de actividades deportivas, especificar Liga de tenis, nome e apelidos, teléfono e número de conta) ou no pavillón de Outes, estas entregaranse a Lorena ou a Rubén.
- ◆ A cuota de inscrición cobrarase ó finalizar a liga e será de 36 euros polos 6 meses que vai durar.
- ◆ O ranking é mixto.
- ◆ Formaremos un ranking de 48 xogadores, sen límite de idades (a partir de 16 anos). O listado dos xogadores do número 1 ó 48 farase a sorteo sen cabezas de serie.
- ◆ O sistema de competición será formar grupos de 3 xogadores donde terán que disputar dous partidos cada dúas semanas.
Por exemplo: o xogador 1º, 2º e 3º do ranking xogarán entre eles, e o 4º, 5º e 6º tamén, e así sucesivamente tódolos xogadores inscritos no ranking.
- ◆ Unha vez xogados os dous partidos de cada xogador nas dúas semanas, pasaremos a actualizar o ranking, ascendendo ó gañador do grupo, descendendo ó perdedor e mantendo no grupo o que gañe un partido e perda outro.
Así cada dúas semanas, os grupos do ranking variarán en función dos resultados.
- ◆ En caso de triple empate entre os xogadores, desempatarase primeiro mirando sets e despois xogos.
- ◆ Os partidos serán ó mellor de 3 sets, xogándose o terceiro set en caso de empate a sets gañados.

- ◆ O terceiro set xogarse na modalidade de super tie- break, gañando o set o xogador que chegue a 11 puntos con diferenza de dous.
- ◆ O xogador de menos ranking do grupo será o encargado de chamar ó rival, reservar pista e informar á organización do resultado.
 - O xogador que gañe o partido terá 3 puntos
 - O xogador que perda o partido terá 1 punto
 - O xogador que non xogue un partido terá 0 puntos

As datas do Ranking serán as seguintes:

- ◆ O Ranking comezará o día 30 de Novembro e rematará no mes de Maio, collendo ós 8 mellores xogadores do ranking para facer un cuadro eliminatorio donde sacaremos o primeiro Campión/a de TENIS DE OUTES 2020/21.
- ◆ Poderáse xogar calquera día da semana sempre que os xogadores estén dacordo e teñan a reserva da pista.
- ◆ A arbitrase correrá a cargo dos xogadores durante toda a competición. Confiamos na deportividade de tódolos xogadores.
- ◆ Respetaranse en todo momento as regras da RFET (Real Federación Española de Tenis).
- ◆ Calquer cambio de horario ou día do partido debe ser avisado ó rival e á organización cunha antelación de 48h (ou inferior si é por causa xustificada).
- ◆ Calquer punto non contemplado nas bases do Ranking será resolto polo comité organizador. Todo comportamento fóra das leis da cortesía do deporte, terá unha sanción que podería levar á expulsión do Ranking.

IMPORTANTE: (Recomendacións para a práctica segura)

- ◆ Mantén a distancia de seguridade de 2 metros cas persoas.
- ◆ Usa a mascarilla ata entrar a xogar na pista.
- ◆ Lava e desinfecta as mans antes e despois de cada partido.
- ◆ Leva a túa auga e toalla e non compartas.
- ◆ Cruza a pista polo lado contrario ó teu rival nos cambios.
- ◆ Evita o saúdo coas mans o rematar o partido.

¡¡Non está permitido fumar nin comer dentro das pistas!!

Para inscribirse no Ranking de Tenis cada xogador terá que cubrir a folla de inscrición que hai na web do Concello ou na oficina do pavillón e entregarlle a Lorena ou Rubén no pavillón.

Reservas das pistas por wassap no teléfono: 620724285

Organización do Ranking, teléfono: 606884536